

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO de contratación, por procedemento aberto, para as obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón.

1. Entidade adxudicadora: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Vías e Obras. Nº expediente 4668-440.

2. Obxecto do contrato: a execución das obras do proxecto Humanización da rúa Canceleiro, entre a rúa Rosalía de Castro e García Barbón.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 3 meses. Prórroga: non procede.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 181.560,79 euros IVE que soportará a administración: 38.127,77 euros. Orzamento total: 219.688,56 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5 % do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e for xustificada adecuadamente.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

CVE-DOG: 4bxxdri1-msy7-www6-ies8-ry3cj6xte87



Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: G (vías e pistas) - 6 (Obras viarias sen cualificación específica) - 2; b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: certificacións ou documentos que acrediten a boa execución de contratos de obras ou traballos similares aos do obxecto do contrato executados, como máximo, nos dez últimos anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas). Indicaranse importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado ou, documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: G (vías e pistas) - 6 (Obras viarias sen cualificación específica) - 2.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará aos 26 días seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.



10. Outras informacións:

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 20 de xullo de 2017

P.D. (Decreto do 19.6.2015 e Acordo do 19.6.2015)

David Regades Fernández

Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: 4bkxdri1-msy7-www6-ies8-ry3cj6xte87

